


Contabilidade trimestral. Terceiro trimestre de 2007 COMUNICADO

O PIB da economía galega creceu un 4,2% no terceiro trimestre de 2007.


O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo rexistra un crecemento interanual do 2,9%.

O Produto interior bruto xerado pola economía galega no terceiro trimestre de 2007 rexistrou un crecemento do 4,2% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento é inferior en unha décima ao rexistrado no trimestre anterior.



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

A demanda en termos nacionais contribúe con 6,3 puntos ao crecemento do PIB e, polo tanto, a achega da demanda externa neta é de -2,1 puntos porcentuais. Con respecto ás achegas do segundo trimestre de 2007 a primeira acelérase dúas décimas e, tendo en conta o crecemento inferior en unha décima do PIB, a segunda é tres décimas máis negativa.



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

O gasto en consumo final dos fogares creceu un 4,4%, crecemento tres décimas inferior ao que experimentou no trimestre anterior. A maioría de indicadores de consumo presentan no terceiro trimestre un crecemento inferior ao do precedente, así ocorre co índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de efecto calendario, as matriculacións de turismos e o indicador de renda salarial real, neste último o descenso é debido ao menor crecemento da afiliación asalariada, ao leve repunte no crecemento dos prezos de bens de consumo e ao lixeiro descenso do incremento salarial pactado. En contraposición, as importacións de bens de consumo en termos reais presentan un maior crecemento que no trimestre precedente.

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2006				2007		
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Gasto en consumo final	3,1	2,8	3,9	4,3	4,9	4,9	4,6
-Gasto en consumo final dos fogares	3,0	2,7	3,7	4,2	4,6	4,7	4,4
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	3,3	2,9	4,5	4,7	5,6	5,7	5,2
Formación bruta de capital	5,6	4,7	4,4	6,7	7,4	6,2	7,3
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	4,4	3,9	4,6	5,8	6,4	6,1	6,3
Exportacións de bens e servizos	8,0	8,5	4,3	6,5	6,6	4,1	6,4
Importacións de bens e servizos	5,9	6,4	6,1	6,8	8,4	6,5	7,3
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,9	4,0	4,1	4,3	4,2	4,3	4,2

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

⁽¹⁾ Achea ó crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final das Administracións Públicas e Institucións sen fins de lucro creceu un 5,2%, cinco décimas menos que no trimestre anterior.

A Formación bruta de capital creceu un 7,3%, crecemento superior en 1,1 puntos ao do trimestre anterior. O investimento en construción é o que está mantendo as altas taxas de crecemento deste apartado; outros indicadores como a matriculación de vehículos de carga e as importacións de bens de equipo en termos reais acadan neste terceiro trimestre crecementos inferiores aos rexistrados no segundo.

Como xa se comentou anteriormente, a achega da demanda externa neta é inferior en tres décimas a do trimestre anterior. As exportacións creceron un 6,4% no terceiro trimestre, 2,3 puntos máis que no trimestre anterior. Pola súa parte, as importacións creceron un 7,3%, o que supón un aumento de oito décimas sobre o crecemento do segundo trimestre.

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2006				2007		
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Ramas agraria e pesqueira	3,3	1,2	0,6	2,8	0,0	1,7	0,6
Ramas enerxéticas	4,6	5,7	1,0	3,3	0,4	-0,4	0,8
Ramas industriais	6,1	5,8	0,6	6,6	5,0	3,4	6,0
Construción	4,1	4,1	4,6	4,2	4,7	4,7	4,4
Ramas dos servizos	3,8	3,6	3,8	4,5	3,7	4,5	4,2
- Servizos de mercado	3,8	4,2	4,2	4,0	4,1	4,0	3,9
- Servizos non de mercado	3,6	1,5	3,6	5,8	2,9	6,6	5,4
Impostos netos sobre os produtos	3,2	4,1	4,7	6,1	5,8	4,0	3,1
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,9	4,0	4,1	4,3	4,2	4,3	4,2

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Dende a perspectiva da oferta, as ramas da industria son as que presentan un mellor comportamento. A construción e os servizos de mercado manteñen tamén uns elevados crecementos.

As ramas agraria e pesqueira creceron un 0,6% no terceiro trimestre de 2007. Tanto as ramas de produtos industriais como as de produtos enerxéticos aceleraron o seu ritmo de crecemento, as primeiras 2,6 puntos e as segundas 1,2 puntos, acadando un crecemento interanual do 6,0 e do 0,8% respectivamente. Este comportamento está de acordo co experimentado polo Índice de produción industrial.

O sector da construción acadou unha taxa de crecemento interanual do 4,4%, inferior en tres décimas ao crecemento rexistrado no segundo trimestre de 2007. Os indicadores do sector, a edificación residencial, a non residencial e a licitación oficial en obra civil, presentan elevados crecementos e superiores aos do trimestre precedente medidos en termos de datos brutos, pero ao corrixilo de efectos estacionais e de calendario o crecemento pasa a ser lixeiramente inferior.

Por último, o sector dos servizos presenta un crecemento do 4,2%, tres décimas inferior ao crecemento do trimestre precedente. Os servizos de mercado acadan un crecemento inferior en unha décima ao rexistrado no segundo trimestre, quedando situada a taxa no 3,9%. O peor comportamento do comercio e os servizos a empresas poden explicar este leve retroceso. Os servizos non de mercado creceron un 5,4%.

O PIB a prezos correntes presenta un crecemento do 7,0%, o que implica un crecemento do deflactor implícito do 2,8%, inferior en tres décimas ao crecemento rexistrado polo mesmo no trimestre anterior.

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra no terceiro trimestre de 2007 un crecemento interanual do 2,9%, cinco décimas menos que o estimado para o trimestre anterior. Esta taxa supón a creación de 32.410 postos de traballo equivalentes a tempo completo nun ano.

O rasgo máis significativo desta evolución é o dinamismo da creación de emprego nas ramas industriais e na construción, que compensa a contracción de emprego das ramas agraria e pesqueira e enerxética.

Distinguindo por situación profesional o emprego asalariado amosou un maior dinamismo, acadando neste trimestre unha taxa de variación interanual do 3,5%, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo. O que supón a creación de 31.020 postos de traballo asalariados a tempo completo.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 1,3%, catro décimas superior á cifra acadada no trimestre anterior.



Emprego por ramas de actividade. Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2006				2007		
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO TOTAL	3,1	2,7	3,0	3,4	3,4	3,4	2,9
Ramas agraria e pesqueira	-6,3	-4,3	-4,3	0,1	-2,7	-0,7	-1,2
Ramas enerxéticas	-2,3	-2,9	-2,6	-2,3	-7,4	-7,1	-6,8
Ramas industriais	1,7	1,7	1,6	1,8	4,0	4,4	4,9
Construción	4,7	4,6	5,5	4,8	4,8	4,4	4,0
Ramas dos servizos	5,0	4,0	4,3	4,2	4,2	3,8	3,0
- Servizos de mercado	5,7	4,8	4,9	4,6	4,8	4,2	3,3
- Servizos non de mercado	3,7	2,2	2,8	3,1	2,7	2,7	2,3
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO ASALARIADO	3,8	3,3	3,8	3,7	4,0	4,0	3,5
Ramas agraria e pesqueira	0,0	2,3	6,6	2,3	-0,1	1,8	-2,7
Ramas enerxéticas	-2,1	-2,7	-2,5	-2,3	-7,8	-7,5	-7,1
Ramas industriais	1,6	1,6	1,7	1,9	4,1	4,6	5,2
Construción	4,8	4,2	4,8	4,3	4,7	4,3	3,8
Ramas dos servizos	4,6	3,7	4,1	4,2	4,3	4,1	3,4
- Servizos de mercado	5,2	4,6	5,0	4,8	5,4	4,9	4,2
- Servizos non de mercado	3,7	2,2	2,8	3,1	2,7	2,7	2,3

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>
e-mail: ige@ige.es